



ORZAMENTOS 2025

INFORME de ESTRATEXIA FINANCEIRO- FISCAL

Artigo 11.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

Santiago de Compostela, 29 de xullo do 2024

Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

Consellería de Facenda e Administración Pública

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ESCENARIO ECONÓMICO	7
2.1. O entorno internacional da economía galega	7
2.2. Situación da economía española	13
2.3. Evolución recente da economía galega	17
2.4. Escenario macroeconómico 2024 – 2025.....	25
2.5. Crecemento potencial e output gap	27
2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente	30
2.7. Taxa de referencia	33
2.7.1 Déficit e Débeda das Administracións Públicas e os sectores non financeiros.....	34
2.7.2 Produtividade da economía galega.....	36
3. ESCENARIO FINANCEIRO 2025.....	38
3.1. Teito de gasto para 2025 nun contexto de novas regras fiscais.....	43
3.2. Regra de gasto e recursos computables.....	45
3.2.1 Ingresos do sistema de financiamento autonómico:.....	45
3.2.2 Resto de recursos propios non financeiros da comunidade autónoma:	49
3.2.3 Axustes de contabilidade nacional.	49
3.2.4 Total de recursos autonómicos.....	52
3.3. Resto dos recursos ordinarios a incluír no límite de gasto non financeiro. O teito de gasto ordinario.....	53
3.4. Teito de gasto total	55
3.5. Escenario financeiro plurianual	57
Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.	58

1. INTRODUCCIÓN

O límite de gasto non financeiro permite establecer a contía máxima do orzamento do vindeiro exercicio. Para elo realízase un cálculo que parte da estimación dos recursos non financeiros cos que contará a Xunta de Galicia para 2025, tendo en conta o obxectivo de estabilidade orzamentaria¹, as restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia e os axustes de contabilidade nacional, que permiten achegar unha cifra comparable en termos de contabilidade nacional ou orzamentaria.

Este ano resulta especialmente importante, porque trala volta ás regras fiscais no ano 2024, logo de anos aplicando a cláusula de salvagarda para apoiar a loita e recuperación das economías fronte aos efectos da pandemia, Europa aprobou un novo **marco fiscal**. Un marco chamado a canalizar as finanzas das administracións europeas ata recuperar niveis sostibles de débeda e marxe de manobra fronte a novos eventos desfavorables que poidan aparecer no futuro.

O devandito marco comprende tres regulamentos europeos novos ou modificados, por tanto de aplicación directa ás lexislacións nacionais, o Regulamento (UE) 2024/1263 relativo á coordinación eficaz das políticas económicas e á supervisión orzamentaria multilateral, e a corrección dos Regulamentos (CE) n.º 1466/97 sobre coordinación de políticas económicas e supervisión orzamentaria e n.º 1467/97, relativo á aplicación do procedemento de déficit excesivo, e da Directiva 2011/85/UE, sobre os marcos orzamentarios dos Estados membros.

¹ A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

O principal obxectivo deste novo marco, é controlar o nivel de débeda a través dun indicador operativo único, o **gasto primario neto financiado a nivel nacional**². A diferenza doutras ocasións, tamén se incorporan outros obxectivos chamados a facer máis levadeiro este proceso, como garantir un crecemento sostible e inclusivo, mediante o saneamento gradual das facendas públicas, pero impulsando tamén a realización de reformas e investimentos que avancen cara a transición ecolóxica, dixital e a cohesión social, nun contexto de déficits controlados.

O novo marco trata de promover a implicación nacional e céntrase en maior medida no medio prazo. Para elo, baséase nun plan plurianual presentado por cada Estado membro que xira en torno a esa taxa de referencia do gasto, e que se combina cun control do cumprimento que semella máis realista, máis efectivo e máis coherente.

Tal e como recoñecen a Comisión e o Consello Europeo, para o noso país cómpre facer una adaptación da lei de estabilidade orzamentaria nacional á nova normativa, para establecer un marco interno de gobernanza fiscal coherente co fixado para o Estado membro España. Esta adaptación non está lista nin se lle espera, e mentres tanto segue operativa a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria, por tanto este informe realizase sobre a base dos realizados en anos anteriores pero tentando avanzar cara ao novo marco fiscal.

Como paso previo á determinación das anteriores magnitudes fiscais, cómpre pechar un escenario macroeconómico de referencia. A antedita directiva de marcos orzamentarios, indica que os EEMM velarán para que a planificación fiscal anual e plurianual se basee en previsións macroeconómicas e orzamentarias realistas, empregando a información máis actualizada e comparándoa coas previsións da Comisión.

² É dicir, o gasto público neto dos gastos en concepto de intereses, as medidas discrecionais relativas aos ingresos, os gastos en programas da Unión Europea tanto na parte de subvención europea como no cofinanciamento nacional, así como os elementos cíclicos do gasto en prestacións por desemprego. Tamén exclúe do cómputo as medidas puntuais de carácter temporal (medidas one-off)-.

O traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística leva á determinación do antedito escenario, é importante por diferentes motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos.
2. Ademais a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
3. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real, o estimado e o potencial. Esta situación determina o sesgo da política fiscal da comunidade autónoma pero tamén o efecto dos investimentos estruturais na capacidade de produción potencial de Galicia.
4. Estima tamén o saldo cíclico e estrutural previstos na senda plurianual, e polo tanto a evolución do déficit estrutural da mesma; así como a taxa de referencia da economía galega que debe marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Como se indica no documento metodolóxico da Comisión Europea para a estimación do *output gap*³, en termos de uso de políticas, as estimacións do produto potencial e da fenda de produción son esenciais para avaliar a capacidade produtiva (lado da oferta) e a posición cíclica (lado da demanda) de todas as economías da Unión Europea. Son estimados pola DG ECFIN, utilizando o software EUCAM, segundo o acordado polo Grupo de Traballo do *output gap* e aprobado polo Consello ECOFIN, que permite reproducir os procedementos. As estimacións aplícanse no marco de diversos procesos de vixilancia económica e fiscal.

³ Blondeau, F., Planas, C. and A. Rossi (2021), Output Gap Estimation using the European Union's Commonly Agreed Methodology, ECFIN Discussion Paper 148.

Máis polo miúdo, o indicador de *output gap* utilízase para axustar ciclicamente o balance orzamentario dos Estados membros (é dicir, para producir os seus balances orzamentarios estruturais) e o indicador de produto potencial utilízase para avaliar a sustentabilidade da débeda e para a comparación dos gastos públicos netos das economías da Unión Europea (UE) en relación coa súa taxa de crecemento potencial (que se utiliza como parte do criterio de referencia do gasto baixo o brazo preventivo do Pacto de Estabilidade e Crecemento). Ademais, a produción potencial pode tamén ser relevante para avaliar a sustentabilidade e efectividade de diferentes axendas de reforma estruturais, destinadas a impulsar a capacidade produtiva dos países individuais da UE.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio⁴, e a súa remisión ao Parlamento xunto cun informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pe ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a maiores dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados:

- Un apartado económico, no que se establece o escenario económico da comunidade autónoma de forma coherente coa Comisión Europea e outros grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (OCDE, FMI, Banco de España e AReF).
- Un apartado financeiro que, baixo os supostos de evolución económica prevista e o escenario de volta ás regras fiscais, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2025.

⁴ Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

2. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia, a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da comunidade autónoma.

A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de prospectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter, como mínimo o seguinte:


- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, *output gap* e saldo cíclico orzamentario.

2.1. O entorno internacional da economía galega

A actividade económica mundial mostrou unha considerable resiliencia durante os últimos anos malia os obstáculos que se foron encadeando tras a pandemia: os problemas nas cadeas de subministración, a guerra de Ucraína coa conseguinte suba dos prezos da enerxía e alimentos, o que provocou unha escalada da inflación e, para freala, a contracción da política monetaria a nivel mundial. Nos últimos meses obsérvase unha aceleración da actividade e un menor incremento dos prezos o que está favorecendo un cambio moderado e gradual da política monetaria.

As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea (CE) recollen crecemento da economía mundial para os próximos anos, aínda que desde unha perspectiva

histórica serían incrementos inferiores á media. A complicada situación xeopolítica na que non se percibe unha pronta solución e unha política monetaria global que continuará restritiva condicionarán o desenvolvemento económico nos próximos anos.



Fonte: FMI.

A economía mundial podería crecer no entorno do 3,2% no período 2024 -2025, taxa similar á do ano 2023. Entre os factores negativos que afectan ao crecemento mundial pódese destacar a comentada situación xeopolítica, a lenta redución da inflación así como o endurecemento da política fiscal que deberán acometer moitos países ante o incremento da débeda coa pandemia. En senso contrario, a fortaleza do mercado de traballo e o cambio na política monetaria axudarían ao crecemento económico.

O FMI sinala que as tendencias da inflación son alentadoras, mais non se chegou ao obxectivo. A inflación xeral mantén unha senda descendente nos últimos meses pola caída dos prezos enerxéticos; non obstante, a inflación de servizos segue a ser elevada.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI ⁽²⁾ (maio 2024)		OCDE (maio 2024)		Comisión Europea (maio 2024)	
	2024	2025	2024	2025	2024	2025
PIB Mundial	3,2	3,2	3,1	3,2	3,2	3,3
Área Euro ⁽¹⁾	0,8	1,5	0,7	1,5	0,8	1,4
Francia	0,8	1,3	0,7	1,3	0,7	1,3
Alemaña	0,2	1,3	0,2	1,1	0,1	1,0
Italia	0,7	0,7	0,7	1,2	0,9	1,1
Portugal	1,7	2,1	1,6	2,0	1,7	1,9
España	2,4	2,1	1,8	2,0	2,1	1,9
Reino Unido	0,7	1,5	0,4	1,0	0,5	1,4
Estados Unidos	2,7	1,9	2,6	1,8	2,4	2,1
Xapón	0,9	1,0	0,5	1,1	0,8	0,8
México	2,4	1,4	2,2	2,0	2,3	1,9
Brasil	2,1	2,4	1,9	2,1	2,0	2,1
China	5,0	4,5	4,9	4,5	4,8	4,6
India	6,8	6,5	6,6	6,6	7,0	6,9

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 17 países

(2) O datos do FMI corresponden aos Article IV Statement de maio de 2024, agás os de Portugal, Estados Unidos, Xapón, México e India que son os do informe WEO de abril de 2024

Utilizando como fonte de información o FMI, a maioría das economías avanzadas⁵ seguirán unha senda crecente na actividade, mentres que as economías emerxentes e en desenvolvemento terán, en xeral, un crecemento estable e lixeiramente inferior ao do ano 2023.

O FMI prevé un crecemento do 1,7% das economías avanzadas no ano 2024, unha décima superior ao do ano precedente e continuarán avanzando no ano 2025, ata unha taxa do 1,8%. Entre as principais economías, Estados Unidos crecería en 2024 un 2,7%, dúas décimas máis que no ano anterior, e en 2025 un 1,9% como consecuencia dun axuste fiscal gradual e a perda de vigor do

⁵ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.

mercado laboral. Pola súa parte, os países do euro crecerán un 0,8% en 2024 e un 1,5% en 2025.

A previsión para as economías emerxentes e desenvolvidas⁶ é dunha taxa do 4,2% nos anos 2024 e 2025, unha décima menos que no ano 2023.

Nos seguintes parágrafos detállanse as previsións dispoñibles para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, China, os principais da zona euro e Reino Unido. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos das previsións da Comisión Europea por ser as máis detalladas.

O endurecemento da política monetaria para conter a inflación así como as tensións xeopolíticas frearon a economía na área do euro. No ano 2023 o PIB medrou un 0,5%, tres puntos menos que no ano precedente. As previsións da Comisión Europea sinalan un crecemento do 0,8% no ano 2024 e do 1,4% en 2025. O consumo dos fogares, a demanda externa e a inversión empresarial apoiada no Marco de recuperación e resiliencia impulsarían a economía europea. A moderación no grao de restrición da política monetaria facilitaría o avance económico. En senso contrario, os axustes fiscais que deberán acometer moitos países así como unhas taxas de xuro elevadas terían un efecto negativo na actividade.

Coa crise de 2020, España experimentou a caída máis pronunciada do PIB das economías avanzadas, agora pola contra as previsións macroeconómicas para os países do euro sinalan para 2024 e 2025 un maior dinamismo en España e Portugal, baseado na fortaleza dos seu sector servizos. Pola contra, para Alemaña, país no que está a impactar fortemente a invasión de Ucraína, prevese un débil crecemento en 2024 (0,1%) e unha recuperación en 2025 (1,0%) aínda que inferior ao crecemento dos principais países do euro.

En relación á Reino Unido, prevese unha recuperación da economía na medida que se reduza a inflación e se relaxen as condicións financeiras.


⁶ Rusia, China, India, Indonesia, Malaisia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.



Os datos de primeiro trimestre apuntan a un mellor comportamento do previsto das economías do euro agás en Alemaña, que coincidiron coa previsión (-0,2%). Así, para Francia e Portugal a previsión da taxa interanual é dúas décimas inferior ao valor finalmente observado, 1,3% en Francia e 1,5% en Portugal. Para a economía italiana e española a previsión era unha décima inferior ao valor observado, 0,7% en Italia e 2,5% en España

No gráfico que segue, móstrase a evolución en taxas interanuais das principais economías do noso entorno.

Previsións crecemento interanual do PIB en 2023 e 2024




Fonte: Comisión Europea



A inflación na área do euro segue unha senda descendente despois do *shock* do ano 2022. No ano 2023 a redución da inflación debeuse ao impulso desinflacionario dos produtos enerxéticos. No ano 2024 a baixada dos prezos ven motivada polos pola menor presión dos prezos dos alimentos e dos bens industriais non enerxéticos. Non obstante, os prezos do sector servizos mostran unha maior resiliencia como consecuencia das presións salariais, o que provoca unha maior resistencia da inflación subxacente á baixa. A Comisión Europea prevé que a inflación diminúa do 5,4% en 2023 ao 2,5% en 2024 e continuará baixando en 2025 ata o 2,1%.

O sector servizos é o que determina a evolución positiva da economía global. A industria manufactureira mostra certa debilidade, sobre todo nalgunhas ramas de actividade. Os indicadores anticipados da actividade como o índice PMI mostran o mellor comportamento do sector servizos e un estancamento da industria; na zona euro os últimos datos anticipan un empeoramento de ambos os dous sectores.

Índice de directores de compras (PMI) de actividade por sectores. Mundo e Euro área



Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. Base de datos de indicadores económicos. Extraído de <https://portal.mineco.gob.es/es-es/Paginas/index.aspx>

2.2. Situación da economía española

Escenario macroeconómico

Despois do forte shock pandémico, a economía española rebota con forza, e nos últimos anos presenta un dinamismo superior ao da maioría de países da súa contorna, impulsada polo gasto público e o pulo do seu sector servizos.

No ano 2023 presenta un crecemento que se modera ante os principais riscos que presentan a inflación, a ralentización do crecemento na zona euro e a inestabilidades políticas internas e do entorno.


Desde o punto de vista da demanda, no ano 2023 a demanda interna achegou 1,7 puntos ao crecemento do PIB e a demanda externa 0,8 puntos. O gasto dos fogares, aínda que se veu moi afectado pola suba dos prezos e dos tipos de xuro, foi o principal motor do crecemento, cunha taxa do 1,8%, seguido do consumo público, 3,8%.

A implementación dos proxectos asociados ao Plan de recuperación da Unión Europea non permite apreciar aínda un impulso no investimento; a lentitude na execución de ditos fondos e a incerteza sobre a situación xeopolítica e a escalada de prezos reduciu a confianza dos inversores.

O sector exterior contribuíu con 0,8 puntos ao crecemento do PIB en 2023. As exportacións víronse favorecidas polo pulo do sector turístico.

Como se pode ver no gráfico que segue, o consumo privado é o principal motor da economía española, achegando máis de un punto ao crecemento interanual do PIB en todos os trimestres agás no terceiro, seguido do consumo público.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: Contabilidade nacional trimestral (INE). Revisión estatística 2019

Desde a óptica da oferta, o sector servizos foi o que máis contribuíu ao crecemento en 2023, principalmente os sectores de Comercio, transporte e hostalería e Administracións públicas, sanidade e educación.


En relación coas horas traballadas, creceron un 1,9% no ano 2023, dous puntos menos que no ano precedente. A produtividade real por hora medrou un 0,6% en 2023, fronte ao 1,8% do ano anterior.

A produtividade do traballo en España experimentou un crecemento positivo no último ano. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE), a produtividade por hora traballada en España aumentou un 3,1% no primeiro trimestre de 2024 en comparación co mesmo período do ano anterior.

A pesar deste crecemento positivo, a produtividade do traballo en España segue por debaixo da media da Unión Europea. Segundo datos de Eurostat, a produtividade por hora traballada en España era un 15% inferior á media da UE en 2023.

O PIB de España medrou no primeiro trimestre de 2024 un 2,5% en taxa interanual, catro décimas máis que no trimestre precedente. Este maior crecemento ven motivado pola demanda externa, que achega 0,2 puntos á taxa interanual. A demanda interna suma 2,3 puntos, cun maior dinamismo da inversión e unha moderación no consumo público.

Os indicadores adiantados de actividade PMI mostran o bo comportamento do sector servizos desde o fin da pandemia e anticipa un maior dinamismo da actividade nos próximos meses tanto na industria como nos servizos.



Fonte: Ministerio de Economía, Comercio y Empresa. Base de datos de indicadores económicos. Extraído de <https://portal.mineco.gob.es/es-es/Paginas/index.aspx>

Nos seguintes cadros preséntanse a desagregación das previsións para España nas súas compoñentes de demanda para os anos 2024 e 2025 do Banco de España, a AIReF, o FMI, a OCDE e a Comisión Europea.

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2024

	Banco de España (xuño 2024)	AIReF (abril 2024)	FMI (xuño 2024)	OCDE (maio 2024)	Comisión Europea (maio 2024)
PIB por compoñentes de demanda					
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	2,4	2,4	1,8	2,0	2,1
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,6	1,2	0,9	2,3	1,8
Formación bruta de capital fixo	2,2	2,7	4,5	0,7	1,9
Demanda nacional ⁽²⁾	2,1	2,1	2,2	2,0	1,9
Exportacións de bens e servizos	2,4	2,1	3,4	1,0	1,6
Importacións de bens e servizos	2,0	2,6	3,0	1,7	1,3
Produto interior bruto	2,3	2,0	2,4	1,8	2,1
Produto interior bruto nominal	5,4	5,2	5,3	5,2	5,5
Taxa de paro	11,6	11,6	11,8	11,7	11,3

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Banco de España, AIReF e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Banco de España, AIReF, FMI, OCDE e Comisión Europea

Para o ano 2024, os datos máis recentes apuntan a un maior crecemento do previsto fai uns meses, o que leva aos principais organismos a revisar as previsións ao alza; así o Banco de España no mes de xuño elevou a previsión ao 2,3% (desde o 1,9% previsto en marzo) e o FMI ao 2,4% no informe de xuño (1,9% no mes de abril). A demanda interna achegará entre 2,2 e 1,9 puntos porcentuais ao crecemento do PIB. A achega da demanda externa será de 0,2 puntos porcentuais segundo o Banco de España, o FMI e a Comisión Europea, mentres que os outros dous organismos prognostican unha contribución negativa.

Un menor crecemento dos prezos e o dinamismo do emprego sustentarán o avance do consumo privado, cunha taxa do 2,4% segundo as previsións do Banco de España. O FMI prognostica un incremento máis moderado, 1,8%.

Todos os organismos prevén unha moderación no consumo público, despois dos elevados incrementos dos últimos anos.

Prevese que a execución dos fondos Next Generation EU adquira un maior dinamismo nos dous próximos anos e impacte con máis intensidade na inversión. As previsións de crecemento oscilan entre o 4,5% do FMI e o 0,7% da OCDE.

A fortaleza das exportacións axudaron ao bo comportamento da economía nos últimos trimestres, cunha contribución importante do sector servicios en xeral e, en particular, dos servizos turísticos. As previsións de crecemento oscilan entre o 3,4% do FMI e o 1,0% da OCDE.

Para o ano 2025 mantéñense unhas previsións de crecemento no entorno do 1,9%, impulsado pola demanda interna. A contribución do sector exterior sería case nula, cun maior pulo das importacións respecto do ano anterior.

A evolución do emprego favorece o dinamismo da actividade. Na primeira metade do ano, as afiliacións medraron un 2,5%. Este bo comportamento dáse na maioría dos sectores de actividade. Segundo a relación laboral, os asalariados son os que máis crecen.

Previsións macroeconómicas. España. TVI (%). Ano 2025

	Banco de España (xuño 2024)	AReF (abril 2024)	FMI (xuño 2024)	OCDE (maio 2024)	Comisión Europea (maio 2024)
PIB por compoñentes de demanda					
Gasto en consumo final nacional de fogares ⁽¹⁾	2,0	2,0	1,9	2,1	1,9
Gasto en consumo final nacional das AA.PP.	1,7	1,3	1,2	0,9	1,3
Formación bruta de capital fixo	2,4	2,1	4,8	3,0	2,9
Demanda nacional ⁽²⁾	1,9	1,8	2,4	2,0	1,9
Exportacións de bens e servizos	2,4	3,1	3,1	2,5	2,4
Importacións de bens e servizos	2,7	3,2	4,0	2,6	2,4
Produto interior bruto	1,9	1,9	2,1	2,0	1,9
Produto interior bruto nominal	4,0	4,1	4,4	4,0	4,3
Taxa de paro	11,3	11,1	11,5	11,3	10,9

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Banco de España, AReF e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

Fonte: Banco de España, AReF, FMI, OCDE e Comisión Europea

Para os dous próximos anos todos os organismos prevén reducións da taxa de paro aínda que se mantería por riba do 11% no ano 2025. Soamente a Comisión Europea prevé unha taxa máis baixa, 10,9% en 2025. As previsións de taxa de paro máis altas corresponden ao FMI (11,8% en 2024 e 11,5% en 2025) e as máis baixas son as da Comisión Europea (11,3% en 2024 e 10,9% en 2025).

2.3. Evolución recente da economía galega

A economía galega está a mostrar unha forte resiliencia malia o proceso inflacionario dos últimos anos que, debido as características da poboación galega, incidiu con máis forza en Galicia que no resto de España. No ano 2023 medrou un 1,8% e no primeiro trimestre de 2024 acelerouse o ritmo de expansión da actividade.

Produto interior bruto. Índices de volume. Referencia 2015
Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2022	2023	2023				2024
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I
Variación interanual	4,1	1,8	3,2	1,6	0,9	1,8	2,0
Variación intertrimestral	--	--	1,2	0,0	-0,3	0,9	1,3

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019


De seguido detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Demanda

Desde a óptica da demanda, no ano 2023 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 0,8 puntos porcentuais. O sector exterior achegou 1,0 puntos ao crecemento do PIB.

O consumo privado medrou un 0,5% no ano 2023. O elevado nivel dos prezos e a suba dos tipos de xuro afectan a renda dos fogares e provocan un menor incremento do consumo que no ano precedente.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de demanda



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

O deseño e distribución dos fondos Next Generation limita o avance nos investimentos en Galicia. No conxunto do ano 2023 reduciuse un 0,7%.

Pola súa banda, o sector exterior achegou, no ano 2023, 1,0 puntos porcentuais ao crecemento do PIB, cunha caída das exportacións (-0,3%) e un incremento das importacións (1,0%).

No primeiro trimestre de 2024 obsérvase un impulso na actividade, o PIB crece un 2,0% en termos interanuais, cunha achega da demanda interna de 0,9 puntos e do sector exterior de 1,1 puntos.

A demanda interna sustentouse no consumo público; o consumo privado segue a mostrar debilidade e na inversión non se reflicte o impacto dos fondos.

Respecto aos principais indicadores conxunturais de consumo, nos cinco primeiros meses do ano, o índice de comercio polo miúdo indica que as vendas están a crecer un 1,0% en Galicia, menos que no conxunto do Estado (1,7%). A matriculación de turismos aumenta un 7,4% e un 8,0% en España.


As pernoitas en establecementos hoteleiros mostran un maior crecemento no que vai de ano que na media do ano anterior. Este incremento ven motivado polos residentes fora de España, que aumentan máis dun 15%, mentres que as pernoitas dos residentes en España crecen un 0,5% nos cinco primeiros meses do ano. En Galicia o peso dos residentes fora está a aumentar, se no ano 2019 supoñía o 24,4% das pernoitas, no que vai de 2024 supoñen o 31,3%. En España a porcentaxe de pernoitas de non residentes é máis elevada, do 65,1% en 2019, e incrementouse menos que en Galicia, ata o 66,2% no que vai de ano.

En relación co comercio exterior de bens, o sector do automóbil determina a evolución das exportacións galegas fora de España en termos nominais, que creceron nos catro primeiros meses do ano un 3,2% (aumentando o automóbil case un 12%), e das importacións, que aumentaron un 0,4% (cunha caída do automóbil do 16%).

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, o Comercio, transporte e hostalería e a Industria son os sectores que máis contribúen ao crecemento do PIB durante o ano 2023, con crecementos interanuais do 4,3% e 2,5% respectivamente.

Taxa de variación interanual do PIB e achegas dos agregados de oferta



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

En senso contrario, o sector primario e o de Información e comunicacións reduciron a súa actividade en 2023, -0,9% e -1,0% respectivamente.

O crecemento da industria ven motivado principalmente polo sector enerxético. Despois dun ano 2022 moi seco, a produción de enerxía hidráulica rexistrou un forte incremento no ano 2023.

O principal indicador conxuntural, o Índice de produción industrial (IPI), reflicte un lixeiro incremento da actividade no ano 2023, 0,8%. As actividades que máis repercuten neste incremento son a produción de enerxía eléctrica, cunha taxa do 10,5%, e o automóbil, que crece un 11,7%. En senso contrario, a industria da madeira, a fabricación de produtos metálicos e a metalurxia son as actividades con peor comportamento en 2023. No conxunto do Estado, o IPI diminúe un 1,4%, cun peor comportamento da produción de enerxía (-5,5%) e do automóbil (-8,5%).

O primeiro trimestre de 2024 rexistrouse un aumento do VEB da industria do 3,2%, motivada polo sector enerxético. A industria manufactureira sobe un 0,6%.

Nos cinco primeiros meses de 2024 o IPI reflicte un maior crecemento da produción en Galicia (2,6%) que en España (1,3%). A produción de enerxía eléctrica e a fabricación de bebidas determinan o diferencial positivo para Galicia. En senso contrario, a fabricación de automóbiles, que diminúe en Galicia (-12,4%) e aumenta en España (4,0%).

O sector servizos rexistrou un crecemento do 2,2% no primeiro trimestre do ano, lixeiramente inferior ao do trimestre precedente. Comercio, transporte e hostalería e Administración pública, sanidade e educación son os sectores que máis repercuten neste incremento.

O principal indicador conxuntural, o indicador de actividade do sector servizos (IASS) rexistrou no ano 2023 un incremento do 3,6%, superior ao do conxunto do Estado (2,2%), debido principalmente ao mellor comportamento do comercio por xunto en Galicia. Nos catro primeiros meses de 2024 o indicador rexistra un incremento do 1,8% en Galicia, inferior ao do conxunto do Estado (2,6%).

Emprego

Galicia experimentou un crecemento importante na produtividade do traballo nos últimos anos. De feito, entre 2000 e 2019, a taxa de crecemento anual media da produtividade foi máis forte en Galicia que no resto de España, o que contribuíu a mellorar o nivel de vida dos galegos e a facer que a Galicia sexa máis competitiva no mercado global. Con todo, é importante seguir traballando para reducir a brecha de produtividade con outras rexións e para afrontar os desafíos que se avestiñan.

En relación ao emprego, no ano 2023 os ocupados aumentaron un 2,3% e as afiliacións un 1,7%. A poboación parada diminuíu un 11,3%, co que a taxa de paro situouse no 9,7%, inferior á do ano anterior en máis dun punto.

No primeiro trimestre de 2024, a ocupación creceu un 2,2% e a poboación parada diminúe un 2,5%, situándose a taxa de paro no 10,5%.

Respecto ás afiliacións medias á Seguridade Social, no primeiro semestre do ano, aumentaron un 1,8%.

Respecto do primeiro semestre de 2019, as afiliacións medraron un 6,6% no primeiro semestre de 2024, debido ao réxime xeral (69.000 afiliacións máis), pois no réxime de autónomos as afiliacións medias diminuíron (-5.618 afiliacións).

Segundo os sectores de actividade e en termos absolutos, o maior incremento medio de afiliacións foron nas actividades sanitarias, educación, actividades profesionais e información e comunicacións, actividades con elevado valor engadido. En senso contrario, o sector primario e as actividades financeiras foron os que máis afiliacións perderon.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Afiliacións á Seguridade Social.

As horas traballadas están a recuperarse en Galicia, esta recuperación non é homoxénea segundo as ramas de actividade. Así, no primeiro trimestre de 2024, o número de horas en Información e comunicación era un 17% superior ao mesmo trimestre de 2019. Industria é outro sector con máis horas traballadas que en 2019. En senso contrario, os sectores onde hai máis diferenza negativa nas horas respecto a 2019 son actividades financeiras, sector primario e actividades artísticas.

Administración pública, sanidade e educación e Comercio, transporte e hostalería son as ramas que máis contribúen ao incremento das horas, mentres que no sector primario é onde se perden máis horas no último ano.

Taxa de variación interanual das horas e achegas segundo rama de actividade



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais. Revisión estatística 2019

Desenvolvemento sustentable

Ademais do crecemento económico como motor de desenvolvemento dun país é necesario que este sexa sostible, inclusivo e que beneficie a todos os sectores da sociedade. Isto é o que promove a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e que se intenta medir a través duns indicadores complementarios ao PIB, que atenden a aspectos sociais como a desigualdade de ingresos da poboación ou a sustentabilidade e protección ambiental.

A mellora no crecemento económico en Galicia veu acompañada cun incremento do benestar social.

Galicia reduciu as diferenzas con España na última década tanto en PIB *per cápita* como en renda bruta dispoñible dos fogares *per cápita*.

Malia o *shock* da pandemia e a crise enerxética, as medidas de apoio aos colectivos máis vulnerables favoreceron unha redución da desigualdade da poboación galega. O indicador de distribución da renda S80/S20 que mide a relación entre a renda obtida polo 20% da poboación máis rica respecto da renda do 20% máis pobre reduciuse nos últimos anos (coa excepción do ano 2020), o que indica unha menor desigualdade.

Outros indicadores para medir a cohesión social da poboación, como os fogares con todos os activos ocupados, o emprego de longa duración ou o abandono educativo temperán mostran unha evolución favorable en Galicia nos últimos anos.

Indicadores complementarios

			2015	2019	2022	2023
Transición ecolóxica	Emisións de GEI (toneladas per cápita)	Galicia	7,3	4,4	3,6	..
		España	6,2	5,6	5,2	..
	Energías renovables (% na produción de electricidade)	Galicia	51,6	65,2	64,8	75,4
		España	35,2	37,5	42,2	50,4
Transformación dixital	Vivendas con conexión de banda larga (%)	Galicia	75,2	88,1	93,4	94,2
		España	77,8	91,2	96,1	96,4
	Emprego en información e comunicación (%)	Galicia	2,1	2,6	3,1	2,7
		España	3,0	3,0	3,6	3,6
	Gasto en I+D (% do PIB)	Galicia	0,9	1,0	1,1	..
		España	1,2	1,3	1,4	..
Uso de habilidades informáticas (% da poboación de 16-74 anos)	Galicia	60,1	62,9	..	74,5	
	España	65,2	70,8	..	77,8	
Igualdade de xénero	Fenda de xénero na taxa de actividade (pp)	Galicia	9,9	8,5	8,0	8,0
		España	12,0	11,0	10,5	9,9
	Mulleres en cargos directivos (%)	Galicia	31,6	33,3	32,6	30,0
		España	31,4	33,2	34,6	34,6
Cohesión social	Abandono educativo temperán (%)	Galicia	17,0	12,6	9,9	9,1
		España	20,0	17,3	13,9	13,7
	Taxa de temporalidade (% dos asalariados)	Galicia	25,4	26,5	19,4	16,7
		España	25,1	26,3	21,3	17,2
	Taxa de desemprego xuvenil (% da poboación activa menor de 25 anos)	Galicia	43,5	27,8	32,7	24,6
		España	48,3	32,5	29,7	28,7
	Taxa de desemprego de longa duración (%)	Galicia	10,6	4,6	4,2	3,4
		España	11,4	5,3	5,1	4,3
	Taxa de ocupación (% da poboación de 16-64 anos)	Galicia	58,7	64,7	65,5	66,8
		España	58,7	64,3	65,4	66,5
	Taxa AROPE (%)	Galicia	24,3	19,4	18,6	..
		España	28,8	27,0	26,5	..
	Índice de Gini (0=igualdade máxima)	Galicia	0,287	0,261	0,252	..
		España	0,345	0,321	0,315	..
Desigualdade da distribución da renda S80/S20	Galicia	4,5	4,0	3,8	..	
	España	6,6	5,8	5,5	..	
Fogares con todos os activos ocupados (% dos fogares con activos)	Galicia	72,5	82,3	83,5	85,2	
	España	69,8	79,4	81,0	82,0	

Fontes: IGE, INE, Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico e Red Eléctrica Española

En canto a desigualdade de xénero, a fenda de xénero na taxa de actividade reduciuse en case dous puntos porcentuais desde o ano 2015.

Xunto co progreso económico e social avanzouse nunha maior protección ambiental para conseguir un entorno máis sostible. Así o indican as emisións de gases de efecto invernadoiro, que se reduciron a metade desde o ano 2015 e a utilización de enerxías renovables para a produción de electricidade, que se incrementou en case 25 puntos porcentuais. Galicia cumpre desde o ano 2020 co obxectivo da UE establecido para 2030 sobre a redución de polo menos nun 55% as emisións de gases de efecto invernadoiro respecto do ano 1990.

2.4. Escenario macroeconómico 2024 – 2025

Nos últimos anos, todas as previsións macroeconómicas están suxeitas a unha grande incerteza, nas que as tensións xeopolíticas ou inflación levan a unha continua revisión das previsións. Isto tamén sucede no momento actual e para Galicia, polo que estas previsións se formulan baixo unha premisa de prudencia.

O ano 2023 estivo marcado polas conflitos internacionais en Ucraína e Gaza, a política monetaria restritiva e unha moderación na suba dos prezos que condicionaron as decisións de fogares e empresas.

Galicia creceu no ano 2023 un 1,8% e prevese que creza un 2,1% en 2024 e un 1,8% en 2025.

Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2023	2024	2025
Gasto en consumo final	1,1	1,5	1,6
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	0,5	1,1	1,7
- Gasto en consumo final das AAPP	3,0	2,4	1,6
Formación bruta de capital	-0,7	2,7	3,5
Achega demanda interna¹	0,8	1,6	1,8
Exportación de bens e servicios	1,5	3,7	3,9
Importación de bens e servicios	-0,3	3,2	4,5
Achega demanda externa¹	1,0	0,5	0,0
Produto interior bruto (PIB)	1,8	2,1	1,8
Produto interior bruto nominal	7,2	5,3	4,1
Deflactor do PIB	5,3	3,2	2,3
Emprego. PTETC	2,0	1,6	0,5
Taxa de paro²	9,7	9,2	9,1

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa


Fonte: IGE

Data peche previsións: 10 xullo 2024

No ano 2023 os fogares tiveron que adaptar o seu consumo a uns prezos elevados e á subida dos tipos de xuro, o que motivou un crecemento moderado.

A inflación mantense en taxas elevadas; no ano 2023 situouse, en media, no 3,6% e as previsións apuntan a unha taxa no entorno do 3,4% en 2024. No ano 2023 os alimentos eran os que máis repercutían no suba, principalmente os alimentos elaborados. No que vai de 2024 moderouse a inflación dos alimentos aínda que segue en taxas altas, e obsérvase unha resistencia á baixa na inflación dos servizos, sendo os que máis repercuten na suba dos prezos. Esta persistencia ven motivada principalmente polas presións na demanda e o incremento dos salarios. Entre os servizos destaca a suba dos prezos na restauración e turismo.

IPC e achegas dos compoñentes. Galicia



Fonte: INE. Índices de precios de consumo. Elaboración propia

No ano 2024, un menor crecemento dos prezos xunto ao incremento do emprego e dos salarios permitirán unha maior capacidade de gasto dos fogares. Os cambios na política monetaria reducirán a presión sobre os gastos financeiros das familias, o que repercutirá nun mellor comportamento do gasto. A previsión é que o consumo privado aumente un 1,1% en 2024 e un 1,7% no 2025.

A inversión no ano 2023 rexistrou un descenso do 0,7%; a execución dos fondos europeos foi inferior ao previsto, polo que se prevé un impulso nos dous próximos anos. A maior parte destes fondos están dedicados a investimento público, máis terán un efecto arrastre sobre a inversión privada. Ademais, o impacto do endurecemento da política monetaria debería mitigarse

gradualmente o que, xunto coa mellora das condicións de financiamento, axudará a unha maior capacidade inversora das empresas. Prevese un incremento da inversión do 2,7% en 2024 e do 3,5% en 2025. Con esta evolución recuperaríase o nivel previo a pandemia no ano 2025, o que manifesta a debilidade deste agregado, o único que aínda non o recuperara en 2023.

A achega da demanda externa será positiva en 2024, 0,5 puntos, e nula en 2025. As exportacións aumentarán nos dous anos, con maior intensidade en 2025 pola recuperación dos países do nosa contorna. As importacións tamén aumentarán no bienio, impulsadas pola execución dos fondos europeos.

O emprego medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo crecerá un 1,6% en 2024 e un 0,5% en 2025.

O incremento do emprego e da poboación activa situarían a taxa de paro no 9,1% en 2025, 1,7 puntos por debaixo da media do conxunto de España.

2.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, salvo nalgunhas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

As novas regras fiscais substitúen como indicador de base para establecer a senda fiscal dos países o gasto primario neto financiado a nivel nacional. Non obstante apuntan á mellora do saldo estrutural primario para cumprir a traxectoria de referencia de déficit e débeda.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular o compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e o compoñente cíclico dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía foi revisada posteriormente pola Comisión Europea e as modificacións quedan recollidas

na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo do compoñente cíclico realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase o *output gap* ou fenda de produción e en segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o *output gap* dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía e capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O *output gap* ou fenda de produción defínese como a diferenza entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial expresado en porcentaxe do PIB potencial.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do *output gap* para a economía galega⁷ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da Comisión Europea⁸, acordada no Grupo de traballo do Output Gap e aprobada polo Consello ECFIN. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o *output gap*.

⁷ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf

⁸ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm

Evolución cíclica. Galicia

	2023	2024	2025	2026	2027	2028
PIB real. TVA (%)	1,8	2,1	1,8	1,7	1,7	1,6
PIB potencial. TVA (%)	0,6	0,7	1,0	1,6	2,0	2,1
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)						
Produtividade total dos factores	1,0	1,0	1,0	1,0	1,0	1,0
Traballo	-0,6	-0,6	-0,3	0,1	0,5	0,6
Capital	0,1	0,2	0,3	0,5	0,5	0,5
Output gap (*)	0,0	1,4	2,0	2,0	1,3	0,3

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida non centrada


Fonte: IGE

O crecemento potencial da economía galega está a recuperar as taxas de crecemento despois do *shock* da pandemia.

O produto potencial da economía galega caracterízase nos últimos anos por unha achega negativa do factor traballo, debido a perda de poboación en idade de traballar e unha baixa contribución do capital. O incremento poboacional desde 2023 provoca un maior achega do factor traballo nos próximos anos. O capital vese moi influenciado polas crises; non obstante, os fondos Next Generation EU deberían mitigar o impacto da crise da Covid, como se reflicte na contribución ao crecemento potencial nos anos vindeiros.

Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o *output gap* de Galicia é neutro no ano 2023 e toma valores positivos nos anos seguintes.

Contabilidade do crecemento. Galicia



Fonte: IGE

2.6. Saldo orzamentario axustado ciclicamente

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.

A partir das semi-elasticidades e o *output gap* é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico obtense como o produto da semi-elasticidade e o *output gap*; o saldo axustado do ciclo calcúlase como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)


	2023	2024	2025	2026	2027	2028
1. Saldo público	-0,1	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1
2. Intereses	0,1	0,2	0,3	0,3	0,3	0,3
3. Medidas non recorrentes temporais	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0
4. Saldo primario (1+2)	0,0	0,2	0,3	0,3	0,3	0,4
5. Output gap	0,0	1,4	2,0	2,0	1,3	0,3
6. Saldo cíclico	0,0	0,2	0,3	0,3	0,2	0,1
7. Saldo cíclicamente axustado (1-6)	-0,1	-0,2	-0,3	-0,3	-0,2	0,0
8. Saldo primario cíclicamente axustado (7+)	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,4
9. Saldo estrutural (7-3)	-0,1	-0,2	-0,3	-0,3	-0,2	0,0
10. Saldo estrutural primario (9+2)	0,0	0,0	0,0	0,0	0,1	0,4

Despois de dous anos de saldo cíclico negativo provocado pola pandemia, desde o ano 2023 vólvese positivo e situaríase no 0,3% do PIB no ano 2025. Como resultado do comportamento do saldo cíclico e do saldo público, o saldo cíclicamente axustado estaría en equilibrio ata o ano 2025 e a partir deste exercicio sería positivo. A mesma traxectoria seguiría o saldo estrutural primario (non hai medidas recorrentes temporais).

A evolución conxunta do saldo estrutural primario e do *output gap* permite determinar a orientación da política fiscal.

As novas regras fiscais implicarán unha política fiscal restritiva nos próximos anos, unha vez consolidada a recuperación da pandemia. O impulso fiscal deberá ser restritivo nos dous anos.

Área Euro




Fonte: Comisión Europea. AMECO database



A nivel nacional, este impulso tamén debe ser restritivo, unha vez que a economía se aproxime ao seu nivel potencial, reducindo as medidas adicionais tomadas para facer fronte, primeiro a pandemia e logo, a suba dos prezos.


España



Fonte: Comisión Europea. AMECO database

En Galicia, o saldo estrutural é neutro desde 2023 o que leva a una posición fiscal aproximadamente neutral nos dous próximos anos.

Galicia



Fonte: IGE

2.7. Taxa de referencia

A taxa de referencia establece o límite á variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónoma e das Corporacións locais, e sitúase no 3,2%, 3,3% e 3,4% para 2025, 2026 e 2027 respectivamente, segundo se desprende do informe de situación da economía española para 2024 presentado no último Consello de Política Fiscal e Financeira.

Ao abeiro do disposto no artigo 12.1 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do cadro seguinte

Taxa de Referencia⁹

	2025	2026	2027
	<i>variación anual (%)</i>		
Taxa de referencia	3,2	3,3	3,4

A determinación da antedita taxa ten en conta o crecemento potencial da economía española en coherencia coa aplicación da normativa empregada pola Comisión Europea

Para obter a dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Para estimar a taxa nominal utilízase o deflactor do PIB previsto para cada ano.

⁹ Datos obtido do Informe da Situación da Economía Española para o ano 2024 que acompañou á proposta de teito de gasto da Administración Xeral do Estado para o ano 2025.

A taxa de referencia da economía galega en termos nominais obtido polo IGE para o ano 2024 sitúase no 2,7% e para o ano 2025 no 2,9% aos efectos de actualización de determinados gastos que se referencian a esta taxa.

2.7.1 Déficit e Débeda das Administracións Públicas e os sectores non financeiros

O déficit das AAPP en España continuou a súa senda descendente desde o máximo alcanzado en 2020 pola pandemia cun 10,1% do PIB. Con todo, este proceso de volta a valores inferiores ao 3% está a realizarse dunha forma lenta e, de feito, no 2023 pechouse cun déficit do 3,6% do PIB. A Comisión Europea (CE) prevé que o déficit das AAPP non baixe ata o 2025 do 3%, prognosticando un 2,8%.

O gasto en intereses para o servizo da débeda está a crecer debido ao elevado volume de débeda e a subida dos tipos de interese. A CE prognostica que en 2025 a débeda representará aínda o 104,8% do PIB, mentres que o gasto en intereses xa representará o 2,6%.

Contas das Administracións Públicas			
Anos	Déficit (-)/ Superávit (+)	Débeda	Gasto en intereses
2000 – 2007	0,4	46,7	2,2
2008 – 2013	-9,0	69,0	2,4
2014 – 2018	-4,3	102,7	2,9
2019	-3,1	98,2	2,3
2020	-10,1	120,3	2,2
2021	-6,7	116,8	2,1
2022	-4,7	111,6	2,4
2023	-3,6	107,7	2,5
2024 (p)	-3,0	105,5	2,5
2025 (p)	-2,8	104,8	2,6

Fonte: Banco de España e Comisión Europea
Notas: Porcentaxes do PIB
(p) = predición

Por subsectores, todas as administracións atopábanse en situación de déficit no ano 2023. As Corporacións Locais entraron nun lixeiro déficit, por primeira vez na serie recente, en 2022, mentres que as Comunidades Autónomas pasaron dunha situación próxima ao equilibrio en 2021 a un déficit do 1,1% do PIB no ano seguinte e o 0,9% no 2023.



Por contra, a Administración da Seguridade Social reduciu o seu déficit no 2022, pero incrementouno no 2023, pasando do 0,4% ao 0,6% do PIB. A Administración Central reduciu o déficit nun punto no 2023, pasando do 3,1% ao 2,1% do PIB, pero segue sendo o subsector que máis déficit achega ao conxunto das administracións.

Déficit(-) / Superávit(+) das Administracións Públicas por subsectores

Anos	Admon. Central	CCAA	Corp. Locais	Admon. de Seg. Social
2019	-1,5	-0,6	0,3	-1,3
2020	-7,7	-0,2	0,2	-2,5
2021	-6,0	0,0	0,3	-1,0
2022	-3,1	-1,1	-0,1	-0,4
2023	-2,1	-0,9	-0,1	-0,6

Fonte: Banco de España
Notas: Porcentaxes do PIB

Tanto os fogares como as sociedades non financeiras reduciron fortemente o seu nivel de endebedamento desde a pandemia, pechando o 2023 cun nivel de débeda conxunta do 111,6%, lixeiramente por enriba da débeda do conxunto das Administracións Públicas para o mesmo período, 104,8% do PIB.

Débedas dos sectores privados non financeiros

Anos	Fogares e ISFLSF	Sociedades non financeiras	Total sectores privados non financeiros
2017	61,1	78,0	139,2
2018	58,9	74,2	133,1
2019	56,8	72,1	129,0
2020	62,6	85,3	147,9
2021	57,6	80,1	137,7
2022	52,3	71,2	123,4
2023	46,9	64,7	111,6

Fonte: Banco de España
Notas: Porcentaxes do PIB
Débedas netas
ISFLSF: Institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares

2.7.2 Produtividade da economía galega

A produtividade quizá sexa unha das variables económicas máis importantes á hora de determinar o benestar dunha sociedade, xa que un crecemento da mesma permítenos conseguir máis produtos e servizos coa mesma dotación de factores, traballo e capital.

Pero, a produtividade non é unha variable directamente observable e necesita ser estimada. Nós estimamos a produtividade total dos factores empregando a metodoloxía da Comisión Europea (CE). Para iso modelan a oferta dunha economía mediante unha función de produción Cobb Douglas cos factores traballo (L) e capital (K). Ademais inclúese para cada un deles dous factores correctores: nivel de capacidade utilizada (U) e nivel de eficiencia (E). Denominamos Y á produción ou PIB.

$$Y = (U_L L E_L)^\alpha (U_K K E_K)^{1-\alpha} = L^\alpha K^{1-\alpha} PTF$$

onde a produtividade total dos factores (PTF) vén dada polo residuo de Solow:

$$PTF = (E_L^\alpha E_K^{1-\alpha})(U_L^\alpha U_K^{1-\alpha})$$

que resume tanto o grao de utilización dos factores produtivos (compoñente cíclica) como o seu nivel tecnolóxico (compoñente potencial ou tendencial). A elasticidade-produto dos factores produtivos, α e $1 - \alpha$ para o traballo e o capital, representan a súa participación nas rendas, tomando os valores 0,65 e 0,35 respectivamente.

A PTF non é directamente observable pero, para o caso de Galicia, obtense das series de Contas Económicas difundidas polo IGE mediante a seguinte expresión:

$$PTF = \frac{PIB}{L^\alpha K^{1-\alpha}}$$


Para o emprego (L) utilízase a variable de total de horas traballadas, mentres que para obter a serie do stock de capital emprégase o método do inventario permanente.

$$K_t = K_{t-1}(1 - \delta) + I_t$$


Pero, ademais de calcular a PTF, podemos estimar o seu compoñente potencial/tendencial illándoa da compoñente conxuntural. A estimación da PTF potencial parte do feito de que está composta de progreso técnico e o grao de utilización dos factores. O primeiro é inobservable, pero do segundo si que existen medicións por medio das enquisas de clima empresarial, xa que inclúen preguntas sobre o grao de utilización da capacidade produtiva. Con estes supostos fórmase como un modelo bivariante de compoñentes inobservados, obtense como suma de dous compoñentes non observables. Un representando o ciclo e outro a tendencia. Unha vez formulado o modelo estimámolo como un modelo de Espazo de Estados con procedementos bayesianos seguindo a metodoloxía da CE.

Nos dous seguintes gráficos mostramos a PTF total e potencial da economía de Galicia. No primeiro fixamos o valor da PTF total ao comezo do período en 100, mentres que no segundo representamos as variacións interanuais en porcentaxe.

Na actualidade a PTF total alcanzou a potencial, non hai infrautilización dos factores produtivos, e o seu crecemento en todo o período está ao redor dun notable 1% interanual.



No seguinte gráfico comparamos a produtividade laboral observada de Galicia e España no período 1995 - 2025. Os anos 2024 e 2025 corresponden ás predicións da CE, para España, e do IGE, para Galicia. Fixamos en 100 o valor de España ao comezo do período. Calculamos a produtividade como o cociente entre o PIB en termos reais e as horas traballadas. Neste período Galicia reduce a brecha de produtividade laboral de máis de 30 puntos que tiña con España. Mentres que neste período España mostra un crecemento da produtividade moi reducido, só destacable tras os axustes da crise financeira.



Respecto do ano 2019, no ano 2023 a produtividade real por hora aumentou 7,5 puntos en Galicia e 1,4 puntos en España.

En Galicia, a produtividade medrou principalmente nos servizos mentres que diminuíu no sector primario e na construción.

As ramas de actividade con maior incremento da produtividade son: comercio, transporte e hostalería, actividades financeiras e actividades profesionais, científicas e técnicas.

3. ESCENARIO FINANCIERO 2025

O contexto económico global está a presentar unha evolución da actividade económica mundial algo mellor da inicialmente prevista, a pesar das diverxencias económicas cada vez maiores entre países. Aínda que o crecemento mundial desacelerou, segundo informes do Banco Mundial e da OCDE prevese un crecemento estable para 2024 e 2025. A economía mundial avanza a un ritmo moderado, con proxeccións de crecemento, aínda que se mantén a desaceleración dos últimos anos.

En xeral, estase a prolongar o proceso de desinflación a escala global aínda que a un menor ritmo que no último ano, se ben nalgúns zonas a inflación dos servizos amosa maior resistencia á baixa. A atenuación das presións inflacionistas xunto coa minoración das perspectivas de inflación fixo que o Banco Central Europeo moderase o grado de restrición da política monetaria.

Con todo, a incerteza e as elevadas tensións xeopolíticas están a provocan riscos, inestabilidade e volatilidade nos prezos da enerxía, con prezos do petróleo e do gas natural superiores aos previstos, tensionando a evolución dos prezos e, polo tanto, da economía.

A economía española está a evolucionar positivamente, fundamentalmente nas exportacións de servizos, especialmente turísticos, mentres que o consumo privado seguiu mostrando una certa atonía e o investimento experimentou unha lixeira aceleración. Con todo, prevese que o PIB de España creza un 2,3% en 2024 e un 2,1% en 2025, co consumo privado como principal impulsor do crecemento. Espérase que a inflación descenda ao 3,6% en 2024 e ao 1,8% en 2025.

Superado o período extraordinario da pandemia e os efectos da guerra de Ucraína, retómanse as regras fiscais do marco de gobernanza económica da UE, que evolucionaron en resposta as crises económicas e novos retos, nun contexto de maiores niveis de débeda, tipos de interese, e de novos obxectivos de investimento e reforma.

Coa actualización do marco de gobernanza económica do 30 de abril de 2024 trátase de garantir unhas finanzas públicas saneadas e sostibles, fortalecer a supervisión e coordinación fiscal, e fomentar o crecemento por medio de reformas e investimentos que contribúan ás prioridades da UE de construír un

futuro dixital, ecolóxico e máis resiliente, reforzando ao mesmo tempo o apoio á súa competitividade e a autonomía estratéxica.

O obxectivo xeral da reforma é reducir os ratios de débeda pública e os déficits de forma gradual, realista, sostida e favorable ao crecemento, protexendo as reformas e os investimentos en ámbitos estratéxicos como o dixital, o ecolóxico ou a defensa. O novo marco proporcionará tamén un ámbito adecuado para o establecemento de políticas anticíclicas e axudará a abordar os desequilibrios macroeconómicos existentes.

Segundo as novas normas, todos os Estados membros estarán obrigados a preparar un Plan Estrutural de Política Fiscal nacional a medio prazo que abrangue entre catro e cinco anos, dependendo da duración da legislatura nacional. Nos seus plans, os Estados membros deberán comprometerse a unha senda de gasto público neto plurianual e explicar como realizarán investimentos e reformas que respondan aos principais retos identificados no contexto do Semestre Europeo, en particular nas recomendacións específicas para cada país.

O elemento central do Plan Estrutural de Política Fiscal é o compromiso relacionado coa taxa de crecemento do gasto primario neto financiado a nivel nacional. Enténdese por este o gasto público, neto dos gastos en concepto de intereses, as medidas discrecionais relativas aos ingresos, os gastos en programas financiados integramente con fondos da Unión, o gasto nacional en cofinanciamento de programas financiados pola Unión, os elementos cíclicos do gasto en prestacións de desemprego e as medidas puntuais e outras medidas de carácter temporal.

As novas regras fiscais establecen, pois, límites máis estritos para o déficit orzamentario e a débeda pública, e o cumprimento da senda de gasto neto tórnase como indispensable para todos os países membros da UE, poñendo en funcionamento mecanismos de seguimento e sancións por incumprimento. Para cumprir coas novas regras, os gobernos terán que axustar os seus orzamentos e estratexias fiscais a partir de 2025, o que implicará recortes de gastos e/ou aumentos de impostos, cambios nas taxas impositivas, deducións e créditos fiscais para individuos e empresas.

Neste sentido, o FMI no seu informe da zona euro presentado recentemente aos ministros de economía, advirte da intensidade do esforzo orzamentario que é necesario facer coa aplicación das novas regras fiscais, que deberá ser

importante naqueles países que, como España, presentan volumes de débeda moi alta. Apunta ademais que o desafío nos próximos meses serán os plans fiscais a medio prazo que deben empezar a negociarse en setembro entre Bruxelas e os Estados membros, e “basearse nunha estratexia fiscal clara e en reformas estruturais que fomenten o crecemento e a resiliencia”, tomando como base a análise dos riscos para a sustentabilidade da débeda de cada país.

Pola súa parte, os ministros de Economía e Finanzas da zona euro (Eurogrupo) pediron recentemente un esforzo de consolidación fiscal para o exercicio de 2025 que permita unha redución significativa dos déficits públicos no que será o primeiro ano de aplicación das novas regras orzamentarias.

Promover a disciplina orzamentaria pode ter impacto no crecemento económico e a capacidade dos gobernos para responder a crises futuras, polo que o desafío é atopar un equilibrio entre a sustentabilidade fiscal e as necesidades de investimento e gasto público. O novo sistema contén incentivos ao investimento e ás reformas que promovan o crecemento, en forma dun maior prazo de axuste. Ademais, incorpora dúas cláusulas de escape, tanto a nivel europeo como a nivel de país, para permitir que a política fiscal desempeñe un papel estabilizador en circunstancias excepcionais.

As recomendacións do Semestre Europeo 2024 para España adoptadas por el Consejo Europeo o 22 de xullo de 2024, inclúen garantir a sustentabilidade fiscal a longo prazo e continuar coa consolidación fiscal gradual reducindo o déficit público e a débeda pública de forma sostible. Isto debería conseguirse mediante unha combinación de medidas de ingresos e gastos, como o aumento da recadación de impostos, a mellora da eficiencia do gasto público e a contención do crecemento do gasto.

Recomendan promover a modernización da administración pública, simplificar os trámites administrativos e reducir as cargas burocráticas, potenciar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación e mellorar a gobernanza e a transparencia.

Recollen tamén a necesidade de poñer en marcha reformas estruturais que aumenten o potencial de crecemento da economía, reforzar o crecemento sustentable e inclusivo, aumentar o investimento en I+D e innovación, promover a transición verde e a descarbonización da economía, mellorar a educación e formación ou reducir a desigualdade e a pobreza.

Pola súa banda, a AIREF recomenda á Administración Central e as Comunidades Autónomas que vixíen a execución do seu orzamento adoptando as medidas necesarias para corrixir o crecemento do gasto computable a efectos da regra de gasto e evitar así a deterioración estrutural das súas contas a medio e longo prazo. Advirte no seu Observatorio de Débeda Pública, que no primeiro trimestre de 2024 o cociente de débeda do total de AAPP situouse no 108,9%, 1,2 puntos máis que a final de 2023, rompendo así un refacho de once trimestres consecutivos de descensos.

Insta tamén ao Ministerio de Hacienda que, de maneira urxente, negocie o axuste das regras fiscais coas CCAA e inicie o diálogo e os traballos para a elaboración do plan estrutural fiscal de medio prazo, que aclare a aplicación práctica das regras fiscais e sente as bases dun novo marco fiscal nacional para a posta en marcha do plan.

O conxunto de regras que se deben cumprir a nivel de Estado, terán impacto na capacidade de gasto e de déficit, e por tanto, nas contas públicas polo xeral, se ben o retraso no establecemento da normativa de adaptación, así como os criterios de reparto dos axustes entre os diferentes niveis de administración territorial supón novas incertezas, que se engaden ás habituais na elaboración dos orzamentos.

Neste contexto de política fiscal, unhas finanzas públicas saneadas e dispor dunha planificación rigorosa a medio prazo que garanta que os obstáculos conxunturais non nos desvíen dos nosos obxectivos estratéxicos, constitúen a base sólida para acadar os obxectivos establecidos e poder afrontar os retos e necesidades do futuro para seguir a mellorar o nivel de benestar da poboación.

A Comunidade Autónoma ten dentro dos seus obxectivos estratéxicos garantir a sustentabilidade das finanzas públicas a medio e longo prazo, polo que o cumprimento das regras fiscais constitúe unha prioridade para a Administración. Segundo o Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) publicado polo Banco de España, no último ano Galicia reduciu a súa débeda ata o 16,1% do PIB, a máis baixa desde o 2012, sendo 6,1 puntos inferior á da media de comunidades. Galicia foi ao peche de 2023 a quinta comunidade autónoma de réxime común con menor ratio débeda/PIB. Ademais, a débeda por habitante sitúase na Comunidade galega nos 4.507€ euros fronte aos 6.747€ da media de comunidades.

Co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 recuperouse en 2024 o equilibrio orzamentario por primeira vez en 16 anos, mellorando a eficiencia do gasto público e a recadación, o que permitiu deixar de recorrer ao endebedamento e reducir a ratio débeda/PIB, gañando marxe de manobra para futuros investimentos.

Os obxectivos xerais do Plan son acadar unha recuperación sostible, resistente e inclusiva; deseñar a Galicia do futuro poñendo no centro o reto demográfico; acadar unha Galicia máis sostible e climaticamente neutra; promover unha sociedade innovadora, moderna, competitiva, solidaria e cohesionada; favorecer os valores diferenciais de Galicia como motores de desenvolvemento; e garantir unha senda previsible, rigorosa e estable de actuación do Goberno galego a medio prazo.

Nos orzamentos para 2025, que incorporan o enfoque de obxectivos e resultados do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, destaca a programación e execución dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia priorizando os investimentos que permitan dar cumprimento aos fitos e obxectivos previstos, a orzamentación da programación 21-27, que logo dun primeiro ano de implantación (o ano 2024) se prevé que se orienten a unha anualidade financeira teórica tanto os fondos de cohesión como os sectoriais, o pulo aos programas de vivenda pública, reforzo dos programas de gasto sanitario, con prioridade do Plan de infraestruturas sanitarias e os investimentos en novas tecnoloxías sanitarias para garantir unha atención sanitaria pública de calidade.

Outra das liñas básicas deste orzamento é a educación, por iso, ademais de continuar a mellorar as condicións docentes, persevera no fomento da formación profesional, integrando as competencias tecnolóxicas e facilitando a transición ao mercado laboral; este será o primeiro curso académico no que se aplicará a gratuidade das matrículas universitarias consolidando un modelo de educación gratuíta dende a gardería ata a educación superior.

No que atinxe aos servizos sociais, continuarase dando prioridade ao despregamento das infraestruturas de servizos sociais, coa finalidade de estender o mapa de servizos de atención á dependencia e ao novo modelo de servizos sociais.

En todo caso cómpre destacar que a falta de información por parte do Ministerio representa unha importante limitación na necesaria cogobernanza na definición dos obxectivos e no impacto das novas regras fiscais a medio prazo.

Tendo en conta a conxuntura macroeconómica e os condicionantes descritos nos parágrafos anteriores, elabórase unha proxección de recursos non financeiros, magnitude básica para determinar a envolvente financeira plurianual e o límite de gasto para 2025, peza fundamental para o comezo da elaboración do orzamento para este mesmo exercicio. E tamén un marco plurianual a tres anos, de conformidade co disposto na Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para iso, nos seguintes apartados realízase unha previsión das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

3.1. Teito de gasto para 2025 nun contexto de novas regras fiscais

A elaboración dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia realízase dentro do novo marco fiscal aprobado pola UE o 30 de abril de 2024.

Neste momento a Administración Xeral do Estado está a negociar a traxectoria de referencia que se incluírá no Plan Fiscal Estrutural que se debe remitir a Bruxelas o próximo 20 de setembro.

No Consejo de Política Fiscal y Financiera celebrado o pasado 15 de xullo o Ministerio de Hacienda, non comunicou ás CCAA como se van a aplicar as novas regras fiscais nin cal vai a ser a evolución da senda de gasto primario neto nos vindeiros anos, nin como se vai a distribuír entre os diferentes niveis de administración.

Soamente se estableceron novamente parámetros de déficit e débeda entre os distintos subsectores da administración, limitándose a concluír que con eses niveis de déficit, débeda e regra de gasto para o período 2025- 2027 as administracións españolas cumprirían coas esixencias da Comisión.

A regra de gasto para o dito período, recolle as seguintes taxas de referencia para cada un dos devanditos anos: 3,2%, 3,3% e 3,4%, o Ministerio manifestou que a regra de gasto era acorde e compatible coa taxa de crecemento do gasto

primario neto que se incluírá no Plan fiscal estrutural que se remitirá a Comisión Europea.

Neste escenario de incerteza para poder calcular o límite de gasto non financeiro aplicarase o disposto no actual artigo 12.1 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira pero entendendo que podería non ser compatible co previsto no Regulamento 2024/1263 relativo á coordinación eficaz das políticas económicas é a supervisión orzamentaria multilateral.

Por outra parte, a efectos do cálculo do límite de gasto non financeiro, hai que ter en conta o disposto no artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia que establece que: *o límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria (...)*.

Neste contexto é no que se enmarca a elaboración dos Orzamentos do ano 2025, xa que mentres as entregas a conta do sistema de financiamento autonómico se estima que medren nun 9% a taxa de referencia fixada para o ano 2025, como xa se comentou, fixouse nun 3,2%. Esta taxa de referencia é a que limita a evolución do gasto computable, segundo o disposto no artigo 12.1 da Lei Orgánica 2/2012.

Por exemplo, segundo recentes estimacións realizadas pola AIReF para o ano 2024 o gasto primario neto de medidas de ingresos do conxunto das CCAA vai a aumentar nun 6,7%, por riba da recomendación da Comisión Europea de que soamente aumentase nun 2,6%, de xeito que de cumprirse ese crecemento esperado do gasto primario neto o conxunto das CCAA pechará o exercicio cun déficit dun 0,3%, mentres que se se cumprise co límite do 2,6% as CCAA pecharían cun superávit do 0,3%. O cal pon de manifesto que estamos nun período no que a regra fiscal máis restritiva é a que limita a evolución do gasto público.

De seguido detallase como se constrúe o teito de gasto e se van cumprindo coas regras fiscais.

3.2. Regra de gasto e recursos computables

O cumprimento da regra de gasto determinase analizando a evolución dos recursos autonómicos, que representan o total dos recursos dos que vai a dispoñer a comunidade autónoma e descontando os recursos finalistas (de Europa e da administración central).

Unha vez determinados os recursos autonómicos é necesario determinar o gasto primario neto aos efectos de analizar a súa variación e poder comprobar o cumprimento da regra de gasto. Para este fin axústanse os recursos autonómicos principalmente co impacto dos intereses. Como se pode apreciar os recursos autonómicos previstos compren co límite da regra de gasto ao incrementarse só 3,2% respecto do ano anterior.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024 definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	10.559	10.863	304	2,9%
- Outros recursos non financeiros	919	1.004	85	9,2%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	0	0	0	-
- Axustes de contabilidade nacional	-69	-70	-1	1,4%
TOTAL RECURSOS AUTONÓMICOS	11.409	11.797	388	3,4%
- Axustes gasto computable	-349	-379	-30	8,5%
TOTAL RECURSOS AUTONÓMICOS PRIMARIOS NETOS	11.060	11.419	359	3,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A continuación analizamos os distintos compoñentes dos recursos autonómicos previstos para o vindeiro exercicio.

3.2.1 Ingresos do sistema de financiamento autonómico:

A partida que dentro do total de recursos non financeiros de Galicia ten maior importancia é a dos recursos procedentes do sistema de financiamento, xa que con carácter xeral supoñen en torno ao 80% dos ingresos non financeiros totais. Non obstante, nos últimos exercicios a súa importancia acadou valores menores, na contorna do 70 e o 75 por cento, motivado pola importante achega de recursos extraordinarios á facenda galega para combater os diferentes *shocks* destes últimos exercicios. No ano 2025 o peso do modelo

ascende ao 78,2%, o que determina unha mellora na súa achega ao gasto non financeiro respecto ao exercicio anterior.

AXUSTE DOS RECURSOS DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO DO ANO 2024.

A Xunta de Galicia acordou iniciar o proceso de elaboración dos Orzamentos para o ano 2024 sen coñecer a magnitude principal que conforman os ingresos da Comunidade Autónoma, como son os ingresos do sistema de financiamento.

O obxectivo era conseguir dar estabilidade institucional e asegurar que Galicia dispuxese duns orzamentos aprobados en tempo e forma.

Para conseguilo foi necesario facer, polos servizos competentes da Consellería de Facenda, unhas estimacións prudentes dos ingresos do sistema de financiamento e aprobar un límite de gasto non financeiro, o cal se fixo no Consello de goberno do 11 de outubro de 2023. Constatando que na dita data o Ministerio de Hacienda aínda non comunicara as ditas previsións para o ano 2024.

Con posterioridade, e xa durante as últimas fases de aprobación do Orzamento da Comunidade Autónoma, o Ministerio convocou o 11 de decembro de 2023 o Consejo de Política Fiscal y Financiera dentro do fallido marco de elaboración dos PGE para o ano 2024, nesa reunión se comunica ás CCAA as entregas a conta para o ano 2024 e a previsión de liquidación para o ano 2022. Cos datos comunicados constátase que as estimacións realizadas foran prudentes situándose tan so un 3,8% por debaixo das finalmente comunicadas.

No dito momento foi materialmente imposible modificar os Orzamentos do ano 2024 pero se incluíu de maneira explícita a forma de proceder para poder axustar o orzamento de gasto ás novas previsións de ingresos.

Porén, ante a falla de PGE para o ano 2024, as entregas a conta do dito ano foron actualizadas a través do Real Decreto Lei 4/2024, do 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social (BOE 27 de xuño de 2024), se ben ata o día de hoxe o Ministerio non comunicou ás CCAA os importes definitivos das entregas a conta actualizadas.

A continuación amósase un cadro comparando os recursos do sistema de financiamento incluídos no estado de ingresos do Orzamento do ano 2024 e os recursos do dito ano unha vez actualizados segundo o disposto no mencionado Real Decreto Lei, de modo que os ingresos aumentan en 354 millóns de euros, un 3,5% máis.

En canto á liquidación do ano 2022 o 22 de xullo o Ministerio de Hacienda comunicou o importe definitivo da mesma: 1.269,6 millóns de euros, é dicir, 17,4 millóns de euros menos que a previsión comunicada en decembro de 2023.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024	Límite 2024	Variación	
	Inicial	definitivo	Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	10.205	10.559	354	3,5%
- Entregas a conta	9.123	9.374	251	2,8%
- Liquidación ano n-2	1.167	1.270	103	8,8%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Debido á relevancia do dito axuste, en termos cuantitativos, todas as comparacións entre o límite de gasto non financeiro do ano 2025 realizarase cos importes do ano 2024 definitivos.

En canto aos recursos do ano 2025, se ven se convocou o Consejo de Política Fiscal y Financiera o pasado 15 de xullo, no mesmo tan so se indicou o importes globais das entregas a conta e da previsión de liquidación do ano 2023 do conxunto das CCAA de réxime común non se comunicou as contías específicas que lle corresponden a cada CA. Polo que novamente temos que estimar as contías destas magnitudes para poder definir o escenario financeiro dos vindeiros anos.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024	Límite de	Variación	
	definitivo	Gasto 2025	Absoluta	%
Recursos Sistema Financiamento	10.559	10.863	304	2,9%
- Entregas a conta	9.374	10.268	894	9,5%
- Liquidación ano n-2	1.270	680	-590	-46,4%
- Liquidacións anos 2008-2009	-85	-85	0	0,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No conxunto, os ingresos procedentes do sistema de financiamento medran un 2,9% respecto do ano anterior, porén se ben as entregas a conta medran un 9,5%, a previsión de liquidación de exercicios anteriores, que é a correspondente aos ingresos tributarios do ano 2023 diminúe nun 46,4%, volvendo a ser unha contía normal.

Esta diminución débese a que a liquidación do ano 2022 do conxunto das CCAA de réxime común foi extraordinariamente positiva (20.745,77 millóns de euros: a máis alta desde a aprobación do modelo no ano 2009, e 9.053,7 millóns de euros superior a liquidación prevista para o ano 2023, que se estima será a segunda liquidación máis alta de toda a serie).

A extraordinaria liquidación do ano 2022 xorde como consecuencia de que as previsións utilizadas para estimar as entregas a conta do ano 2022 foron moi inferiores a recadación tributaria finalmente rexistrada no dito ano. De modo que mentres que a recadación total do ano 2022 por IRPF, IVE e IIEE ascendeu a 212.304 millóns de euros, un 13,7% superior á do ano anterior (destacando especialmente o incremento do 15,8% do IRPF e do 13,9% do IVE) as previsións de recadación incluídas nos Orzamentos do Estado para o ano 2022, recollían un incremento esperado da recadación do IRPF, do IVE e dos IIEE do 5,9%, do 4,3% e do 10,8% respectivamente, moi inferiores á evolución da recadación definitiva do ano 2022. En conxunto a recadación do ano 2022 excedeu en 14.642 millóns de euros á previsión esperada para o dito ano.

Pola contra, a liquidación prevista este ano e correspondente ao ano 2023 volta a niveis normais, xa que mentres nas previsións se estimaban un incremento para o IRPF, IVE e IIEE dun 3,3%, 4,2% e dun 10,4% respectivamente os incrementos reais da recadación foron dun 9,9%, 1,6% e dun -0,2%.

Por último, dentro dos recursos do sistema de financiamento é preciso descontar o importe que se reintegra como consecuencia do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-84,8 millóns de euros, despois do acordo adoptado polo pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar ata en 240 mensualidades adicionais a devolución das mencionadas liquidacións, de modo que desde o ano 2015 e ata o ano 2031 reintegrarase o dito importe).

A evolución do total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico para o ano 2025 derivada do efecto combinado do cálculo das entregas a conta, da previsión de liquidación do ano 2023 e do reintegro das contías adiadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 é dun incremento dun 2,9% respecto aos importes previstos para o ano 2024.

3.2.2 Resto de recursos propios non financeiros da comunidade autónoma:

Estes confórmanse polos tributos cedidos xestionados pola Xunta, os tributos propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais; o seu importe aumenta nun 9,3% respecto aos orzamentos do ano 2024.

No que respecta aos tributos totalmente cedidos, no Imposto sobre sucesións e doazóns espérase un incremento dos dereitos recoñecidos de 3,4 millóns de euros, un 2% máis (tendo xa en conta a nova redución do grupo III).

Polo que respecta ao Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, a comparativa co respecto ao orzamento 2024 é positiva, cun aumento esperado dun 8,6%, 28,6 millóns de euros máis, que obedece ao maior dinamismo do mercado inmobiliario.

En canto ao Imposto sobre o Patrimonio a modificación da previsión deriva dunha medida normativa mediante a cal se modifica a tarifa do imposto mentres se mantén a vixencia do imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas.

Polo que respecta ao resto dos tributos: taxas fiscais sobre o xogo, canon eólico, ICA, IDMAE- en xeral son impostos moi estables, que non sofren apenas variacións con respecto a anos anteriores.

3.2.3 Axustes de contabilidade nacional.

Tamén hai que ter en conta o impacto nos recursos dos posibles axustes que se deben aplicar pola posible diferenza na súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se calcula o déficit ou o superávit en cada exercicio, máis tamén a regra de gasto.

O sistema europeo de contas (en diante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *“constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, dos seus compoñentes e das súas relacións con outras economías”*. O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que deberá empregarse para poder definir a capacidade ou necesidade de financiamento e, por tanto, deberán terse en conta os seus criterios para calculala.

A regra de gasto debe cumprirse tanto na fase de elaboración e aprobación do orzamento como na súa fase de execución. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, desta forma, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partires da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan os criterios de contabilidade nacional, nos ingresos e nos gastos, implica desviacións no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC-2010 fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e permiten, por tanto, clasificar, ou non, os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico (e polo tanto, dentro do perímetro de consolidación en termos SEC-2010). Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

E un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co fin de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

- 1) A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe da recadación líquida, tanto a derivada do exercicio corrente como dos exercicios anteriores, dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos e o importe dos dereitos recoñecidos netos procedente de ditos capítulos.
- 2) As achegas de capital. Considéranse gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas ás fundacións do sector público autonómico.
- 3) Os axustes por execución de avais. Recolle o importe das contías avaladas pola comunidade autónoma, declaradas fallidas e que se pagan con cargo ao fondo de garantía de avais que se instrumenta orzamentariamente como un gasto financeiro (en concreto, a través dunha aplicación do capítulo VIII).
- 4) Como maior ingreso recóllese o axuste debido ao reintegro da anualidade das contías aprazadas por mor das liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009.

Debe terse en conta que tan só se recollen neste momento os axustes que se poden estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual ou son pouco representativos.

Os axustes de contabilidade nacional estímense en -70 millóns de euros para o 2025, que equivalen a menos recursos non financeiros nesa contía.

3.2.4 Total de recursos autonómicos

O importe dos recursos autonómicos que se deben ter en conta a efecto de verificar o cumprimento das regras fiscais son o resultado dos apartados anteriores e reflicte un total de 11.797 millóns o que supón un incremento respecto do ano anterior do 3,4%

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024 definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
- Recursos sistema de financiamento	10.559	10.863	304	2,9%
- Outros recursos non financeiros	919	1.004	85	9,2%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	0	0	0	-
- Axustes de contabilidade nacional	-69	-70	-1	1,4%
TOTAL RECURSOS AUTONÓMICOS	11.409	11.797	388	3,4%
- Axustes gasto computable	-349	-379	-30	8,5%
TOTAL RECURSOS AUTONÓMICOS PRIMARIOS NETOS	11.060	11.419	359	3,2%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode ollar no cadro anterior ese volume de recursos é compatible co cumprimento da regra de gasto situada no 3,2%

Como se pode observar a contía obtida cumpre co limite da regra de gasto sen necesidade de recorrer ao endebedamento.

En efecto, os limites establecidos como regras fiscais e a taxa de referencia de crecemento determinan que Galicia non poda recorrer ao endebedamento sen incumprir a regra de gasto. No caso de empregar endebedamento a variación do gasto primario neto incrementaríase ata o 4,1% incumprindo o limite do 3,2% fixado.

	Limite 2024 definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
Recursos autonómicos	11.060	11.419	358	3,2%
Recursos autonómicos con déficit	11.060	11.508	448	4,1%

3.3. Resto dos recursos ordinarios a incluír no límite de gasto non financeiro. O teito de gasto ordinario.

Neste apartado inclúense os recursos que debendo terse en conta no teito de gasto non afectan ao cumprimento da regra de gasto, trátase fundamentalmente das transferencias finalistas que proceden da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos

Amósase unha cifra inferior á do ano 2024, acadando os 2.157 millóns de euros no 2025 fronte os 2.200 millóns do ano 2024.

No que atinxe ao financiamento finalista do Estado, espérase recibir unha contía de recursos similar ao exercicio 2024, cunha variación dun 1%, 12 millóns de euros máis, pero tendo en conta que hai pequenas variacións:

- No ámbito sanitario baixa o importe previsto para o Plan de Atención Primaria (12,8 millóns de euros).
- No ámbito educativo baixa o Programa código escola 4.0 en 15,3 millóns de euros.
- No obstante, estas caídas compénsanse polo aumento doutros programas como unha pequena subida nas finalistas de emprego ou a variación na dependencia ou o incremento do programa social do 0,7% do IRPF.

Cómpre salientar que o Estado segue lonxe de cubrir o 50% do custe do programa de dependencia para as Comunidades autónomas ao que está obrigado pola Lei de Dependencia. Esta fenda de financiamento estase a ampliar coa recente aprobación do Real Decreto 675/2023 polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do SAAD, que obriga a reforzar os servizos e prestacións ás persoas atendidas sen achegar o financiamento adicional estatal.

No que atinxe aos fondos europeos trataremos de forma separada os recursos dos fondos estruturais dos fondos Next Generation que aínda se están a xestionar.

Respecto aos fondos dos programas operativos, este é o segundo ano de programación polo que as anualidades son un pouco superiores ao que resulta dunha anualidade financeira teórica, para poder iniciar o despregamento das medidas previstas nos programas. Porén nos vindeiros exercicios estas anualidades iranse axustando a unha anualidade teórica.

Para o conxunto de recursos ordinarios o 2025 incrementase respecto ao ano precedente un 3% acadando un importe de 13.492 millóns.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024 Definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
Recursos autonómicos	11.409	11.797	388	3,4%
- Fondos finalistas doutras Administracións	1.692	1.695	3	0,2%
Límite de Gasto Ordinario	13.101	13.492	391	3,0%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


3.4. Teito de gasto total

Para definir o importe final do teito de gasto é necesario incluír os fondos extraordinarios procedentes dos fondos Next Generation.

IMPACTO DOS FONDOS NEXT GENERATION: MRR E FONDOS REACT-UE

Cómpre analizar o impacto no marco financeiro plurianual para os anos 2021-2027 dos recursos procedentes dos Fondos Next Generation EU.

A envolvente financeira destes recursos está determinada pola programación, e temos que distinguir os fondos REACT- EU, que se programaron e executaron na súa totalidade no período 2021-2023, e os fondos MRR que se programaron para o período 2021-2026.



A execución dos fondos REACT-UE realizouse na súa totalidade entre os anos 2021 e 2023, mentres que a execución do MRR, como se pode apreciar no gráfico, está na parte central e previsiblemente o 2024 e o 2025 sexan os anos de maior nivel de execución, que rematará a mediados do 2026, polo que a previsión para o vindeiro ano é que as dotacións dos orzamentos se reduzan ata os 462 millóns.

O límite de gasto final, logo de engadir todos os recursos, acada os 13.954 millóns de euros o que representa un incremento do 2,5% respecto do ano 2024.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024 Definitivo	Límite de Gasto 2025	Variación	
			Absoluta	%
Recursos autonómicos computables	11.409	11.797	388	3,4%
+ Fondos finalistas doutras Administracións	1.692	1.695	2	0,1%
Límite de Gasto Ordinario	13.101	13.492	391	3,0%
+ Fondos Next Generation	508	462	-46	-9,1%
Límite de Gasto con Fondos Next Generation	13.610	13.954	344	2,5%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

3.5. Escenario financeiro plurianual

Para rematar, no seguinte cadro amosase a envolvente financeira prevista para o período 2025-2027, sen incluír os recursos procedentes dos Fondos Next Generation. Como se pode ver, a previsión é que os recursos autonómicos medren con taxas do 3% cumprindo, deste xeito, coas taxas de referencia previstas para o mesmo período.

Millóns de euros

FONTES FINANCIAMENTO	Límite 2024 definitivo	Límite de Gasto 2025	Previsión 2026	Previsión 2027	Variación %		
					2025-2024	2026-2025	2027-2026
- Recursos sistema de financiamento	10.559	10.863	11.225	11.574	2,9%	3,3%	3,1%
- Outros recursos non financeiros	919	1.004	1.024	1.037	9,2%	2,0%	1,3%
- Capacidade ou necesidade de financiamento	0	0	0	0	-	-	-
- Axustes de contabilidade nacional	-69	-70	-75	-79	1,4%	7,1%	5,3%
TOTAL RECURSOS AUTONÓMICOS	11.409	11.797	12.174	12.533	3,4%	3,2%	2,9%
- Fondos finalistas doutras Administracións (*)	1692	1695	1.658	1.653	0,2%	-2,2%	-0,3%
LIMITE DE GASTO ORDINARIO	13.101	13.492	13.831	14.185	3,0%	2,5%	2,6%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

(*) Sin fondos NEXT GENERATION

Anexo I. Metodoloxía para a obtención do saldo cíclico.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea¹⁰, que usa a semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo.

No capítulo dous do documento da Comisión derivanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d(B/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{\frac{Y^2}{Y}} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto.

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} - \frac{d(G/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{\frac{Y^2}{Y}} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right)\frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1)\frac{R}{Y} - (\eta_G - 1)\frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB.

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

¹⁰ Este cambio recóllese no documento http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d(\sum R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d(R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{d(R_i/Y)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{\frac{dR_i}{dY} Y - \frac{dY}{dY} R_i}{\frac{Y^2}{Y}} = \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y} \right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1 \right) \frac{R_i}{Y} \\ &= \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1 \right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1 \right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.

Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o output gap para calcular o saldo cíclico, utilizamos

os datos de execución orzamentaria¹¹ de 2018 e 2019 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade regional de España¹² para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á brecha de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos:

$$Semi - elasticidade = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

¹¹ <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

Aplicación da Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, coa información dispoñible

¹² <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>



Onde ε es la semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{Ri} y η_{Gi} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo):

$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.